

O SEPULCRO DO COENGO PEDRO GÓMEZ*

Por

Xosé Antón García González-Ledo

Académico Correspondiente

Ano 1533

O sarteo do coengo Pedro Gómez encóntrase acubillado baixo un arco apuntado na capela do Sancti Spiritus, no brazo Norte do trasepto da catedral de Santiago de Compostela¹. Trátase dun enterramento complexo, posto que a lauda do coengo atópase a unha certa outura do chan, presentando no fronte do sarteo unha serie de motivos repetidos nos que acompañan ao que nos ocupa. Trátase de dous arcos trilobulados que acubillan no seu centro, acoprándose a istos lóbulos, dous bustos de anxos tuniferarios coas ás extendidas e cabelo ensarillado.

* Iste estudo insírese dentro do proxecto “Corpus de heráldica, escultura funeraria y epigrafía medieval gallega” que se desenvolve no Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” (CSIC-Xunta de Galicia) baixo a dirección do Dr. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Investigador do CSIC.

1. Encol dos sarteos da catedral compostelana, xa temos publicado outro traballo: véxase Xosé Antón GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, “Escultura funeraria e heráldica medieval na catedral de Santiago de Compostela”, *Anales de la Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía. Homenaje a Don Faustino Menéndez Pidal*, VIII/1 (2004), páxs. 403-421.

No caso que estamos a tratar, un diles move un cirimballo, namentras que o outro porta, ademáis, unha naveta na outra man. Xunto a estes mentados anxos, un torreón poligonal con fiestras e merlatura, e tellado piramidal rematado nunha esfera. Por detrás, outra arquitectura a xeito de muralla, con vans, e rematado todo o conxunto cun festón de semicírculos².

Nas pezas do fronte do sartego do coengo Pedro Gómez, o mentado torreón falta nun dos lados, cousa que tamén ocorre noutro dos sartegos dista capela. Ista ausencia ten sido vista por Filgueira Valverde coma proba de que trátase dos restos dun baldaquino funerario medieval³. Así, as labras que carescen do torreón nun dos extremos serían os laterais do baldaquino, cúa parte lisa estaría embutida na parede na que se apoiara ista obra. Pola súa banda, a que presenta os tres torreóns –e que ademáis, ten unhas dimensións algo maiores ca os outros dous– sería o frontal do moimento, paralelo ó muro do fondo⁴.

Iste hipotético baldaquino tería relación co sepulcro da igrexa da Madalena na cidade de Zamora, aínda que un pouco anterior a iste, de mediados do século XIII, época da fundación dista capela. Aprécianse diferenzas, noustante, entre as pezas zamoráns e as galegas; así, naquíl as torres teñen pranta cuadrangular, namentras que niste, coma xa dixemos, son poligonais, presentando ademais tres das súas fachadas visíbeles no corpo outo; por outra banda no mentado sepulcro zamorán os arcos trebolados acubillan animais do bestiario medieval, namentras que no caso compostelán, trátase de anxos de ás extendidas como sulñamos anteriormente.

Moi relascionado con istas pezas temos de citar o arco trilobulado que fai de lumieira na porta de entrada á capela dende o trasepto da catedral. É unha

2. Ramón YZQUIERDO PERRÍN, *La catedral de Santiago de Compostela*, A Coruña, 1993, páx. 266.

3. José FILGUEIRA VALVERDE, *Santiago de Compostela. Guía de sus monumentos e itinerarios*, A Coruña, 1950, páx. 53. Tamén en José FILGUEIRA VALVERDE-José RAMÓN Y FERNÁNDEZ-OXEA, *Baldaquinos gallegos*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987, páx. 45: “*Na capela da basilica compostelán adicada ó Espírito Santo é hoxe presidida polo retábulo da Soedade procedente do trascoro, gárdanse importantes pezas dun baldaquino cicais sepulcral, inseridas en obras posteriores, mediante adaptación, que poden atoparse noutras arquitecturas santiaguesas*”.

4. Ramón YZQUIERDO PERRÍN, *La catedral...*, pág. 267.

peza contemporán das anteriormente citadas, sendo a súa fonte de inspirazón a solución adoptada na cabeceira do coro do Mestre Mateo segundo os profesores Otero e Yzquierdo⁵. Ó igual que as pezas que fan de fronte dos sartegos que xa temos descrito, presenta torreóns e un muro con angostas fiestras coma as que víamos alí. A diferenza estriva en que eiquí trástase de torreóns con só dúas das súas fachadas visíbeles.

Voltando sobor do enterramento do coengo Pedro Gómez, ten sido con frecuencia confundida a súa xacente, por mor da outura na que está e o non moi doado da lectura da súa inscrición no borde da lápida, coa a tapa do sartego do mercader Francisco de la Peña e a súa muller María Pérez⁶.

As noticias que temos do coengo Pedro Gómez tirámolas de Antonio López Ferreiro, o cal dinos que morreu no ano 1533 e que exerceu unha longa carreira na catedral compostelán, na que se gañou merescida sona. Fundou un aniversario, dotou a festa de San Pedro “ad vincula” de Roma, e obtivo da Santa Sé unha bula para que se soprimise a súa prebenda e se distribuíse antre oito capeláns⁷.

O coengo represéntase en mediorrelevo, deitado, repousando a súa testa nunha delgada almofada, decorada ista con dúas borlas nos extremos superiores, que apenas se eleva baixo dila (fig. 1). Para Filgueira Valverde “trátase dunha curiosa estatua xacente dun coengo compostelán do século XV”⁸; Chamoso Lamas, ó confundir ista xacente co mercader Francisco de la Peña, afirma, que está “vestido con folgado ropón de burgués”⁹.

5. Véxase Ramón OTERO TÚÑEZ e Ramón YZQUIERDO PERRÍN, *El coro del Maestro Mateo*, A Coruña, 1990, páx. 187-191.

6. Así en Manuel CHAMOSO LAMAS, *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense, 1979, páx. 537.

7. Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, 3.^a ed., Vigo, 1968, páx. 199.

8. Jose FILGUEIRA VALVERDE, *Santiago de Compostela...*, páx. 53.

9. Manuel CHAMOSO LAMAS, *Escultura funeraria...*, páx. 537.



PECIT XX © MMII.
✠

Fig.1
Xacente do coengo Pedro Gómez

Coma xa dixemos, Filgueira está no certo, e Pedro Gómez “vístese con mitra, alba, casulla...”¹⁰, detallándose o borde do colo cun xeito de brocado representado por medio de liñas que se cruzan. Hacia os pes, por debaixo da casulla, asoman os bordes da estola, cos seus frecos formados por liñas ondas. Trátase, en definitiva, de folgadas vestiduras, sen apenas concesións ó preciosismo ou detalle, tan só os mentados colo e estola. Abondan os pregues, ampros e lixeiramentes acartoados aínda, pero xa tendentes a un naturismo incipente, sobor de todo nas ampulosas mangas; namentras que no corpo, caen en paralelo unhos a outros, apenas animados por pequenos quebros, sulíñando os pes calzados, cuias pontas amosan por enriba da túnica¹¹.

Sostén coas mans, de longos e estilizados dedos, un gran libro cos seus pechos e remaches, seguindo isa iconografía tan típica de representación dos eclesiásticos composteláns¹².

Os obxectos que levan as xacentes nas mans aluden, pois, a categoría e estamento social ó que pertenceseu o defunto. Escóllense aqueles que son máis significativos: libros sagrados para os eclesiásticos¹³. En relación con iste ponto, encóntrase tamén o xeito en que os diversos atributos ou obxectos son portados pola xacente; si esta é representada coma defunto, non pode suxetalos dunha forma activa coas súas mans, sinón que ten que dar a impresión de que están depositadas sobor diles e de que permanescen no seu lugar únicamentes polo seu propio peso.

10. José María FERNÁNDEZ SÁNCHEZ e Francisco FREIRE BARREIRO, *Guía de Santiago y sus alrededores*, Santiago, 1885, páx. 143.

11. O aspecto da figura sepulcral non dependía somentes da comprensión do corpo e dos seus rasgos faciais. Tamén era moi importante a indumentaria. De aí o interés por coma tería de estar vestida a representación do defunto. O eclesiástico revestíase de aquelas roupas propias da diñidade que tería acadado: véxase María José REDONDO CANTERA, *El sepulcro en España en el siglo XVI*, Madrid, 1987, páx. 36.

12. Na catedral de Santiago de Compostela, cáseque todas as imaxes xacentes de eclesiásticos do século XVI suxeitan o libro dun xeito peculiar; apoian o lomo diste contra a súa cintura e elévano un chisco no seu canto máis longo coa axuda dunha das mans.

13. María José REDONDO CANTERA, *El sepulcro en España...*, páxs. 122-123.

Con respecto á cabeza, cuberta con gorro de coengo, acouga entre dúas cunchas de vieira¹⁴, alusivas ó cabido compostelán (fig. 2); cabe suliñar o grande naturismo das ditas vieiras, que casi parecen reais. Na faciana, serena, apréciase unha expresión que non é allea a iste intre, xa próximo ó Renascimento, destacando unha certa sensazón de morbidez nas carnes, e tamén un “rictus” mortal de afondamento nas órbitas oculares e nas meixelas, arredor dos beizos. Baixo o gorro, amosa o pelo do coengo, simulado por simpres liñas rectas paralelas.




Fig.2

Pedra armeira cunha frol de lis de trazado medieval sumada dunha rosácea e acantonada das tradicionais vieiras, sita na Porta dos Abades da catedral de Santiago de Compostela

14. Encol da simboloxía das vieiras véxase José FILGUEIRA VALVERDE, *El libro de Santiago*, A Coruña, 1999, páx. 92: “*Da o mar a Santiago o símbolo das cunchas. O mar, que trae o corpo santo, posto nunha barca, a mercede dos ventos. É a cuncha elexida a valva convexa do que chaman «pecten jacobeus»...*”.




Fig.3

Voceto do sepulcro do coengo Pedro Gómez realizado por Miguel Ferro Caaveiro no século XVIII

Asín pois, ofrece ista peza unha arte de execución sumamente naturalista, máis sen sentirse atraída polo detalle. Unha libre semprificazón de formas fíxase e tradúcese nunha técnica apranada e maciza¹⁵.

Arredor da xacente, nunha orla, a inscrición en caracteres góticos en relevo, infórmanos do nome do finado e da súa dignidade:

S(epultura) S D(e) PERO : GOM/EZ : CANONIGO :
DE LA SANCTA : IGLL(es)IA : DE / S(a)NTIAGO¹⁶

Dista xacente ocupouse tamén Miguel Taín, informándonos da existencia dun voceto –que publica e tamén reproducése eiquí (fig. 3)– que segundo iste autor foi realizado por Miguel Ferro Caaveiro (Santiago 1740-1807) no que se aprecian ben os restos do mentado baldaquino¹⁷.

As diferentes testemuñas artísticas dos enterramentos ofrecen moitas posibilidades de estudo, tanto desde o punto de vista artístico coma heráldico, epigráfico ou, incluso, arqueolóxico; amáis de enriquecer as investigacións históricas, son fontes non o suficientemente manexadas¹⁸.

15. Manuel CHAMOSO LAMAS, *Escultura funeraria...*, pág. 537.

16. A autorización para a colocación dun sepulcro nun tempo conlevaba o permiso para que, sobor dil, se escribera o epitafio correspondente, de xeito que ficara crara testemuña da identidade do propietario da sepultura: véxase Xosé Antón GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, “A orante de Vasco Taboada do Carrio (Século XVII)”, *Descubriendo. Anuario de Estudios e investigación de Deza*, 7 (2005), pág.16.

17. Véxase Miguel TAÍN GUZMÁN, *Dibujos históricos, epigráficos y heráldicos del Archivo de la catedral de Santiago*, A Coruña, 2002, pág. 38-39.

18. Vide un exemplo de aplicacón nos estudos nobiliarios dos moimentos funerarios en Pablo S. OTERO PIÑEYRO MASEDA, *La documentación del monasterio de Oseira (Ourense) 1435-1485. Estudio, edición e índices*, tesis doctoral inédita, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago, 2008, que conta con numerosas ilustracións do autor deste artigo.